



CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
concellopalas@yahoo.es  
www.palasdereis.com

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELABRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN DO  
CONCELLO DE PALAS DE REI, O DÍA VINTECINCO DE SETEMBRO DO ANO  
DOUS MIL TRECE .**

**ASISTEN**

**PRESIDENTE**

**D. Pablo José Taboada Camoira .**

---

**CONCELLEIROS**

**D. Fernando Alfredo Pensado Barbeira**

**D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Aurora Vila Agra.**

**D. Amando Sande Agra**

**D<sup>a</sup>. María Cristina Lodeiro Castiñeira**

**D. José Ramón García Vázquez.**

**D. Horario Rouco Ferro**

**D. José Sabino Prieto Vázquez.**

**D<sup>a</sup>. Noelia Vázquez Paredes.**

**D<sup>a</sup>. Ángela Pérez Vázquez.**

**SECRETARIO-INTERVENTOR**


**D. Iván Ponte Mahía.**

**Faltaron con excusa os/as Concelleiros/as :**

**D. Antonio Blanco Estevo**

Sendo as catorce horas do día vintecinco de setembro do ano dous mil trece, reúnese no Salón de Plenos da Casa do Concello, o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, coa asistencia dos señores concelleiros relacionados á marxe, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Pablo José Taboada Camoira, actuando como Secretario - Interventor, D. Iván Ponte Mahía, que da fe do acto.

Constituída válidamente a sesión, de conformidade co disposto no art. 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión cá seguinte orde do día :





CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
concellopalas@yahoo.es  
www.palasderei.com

**PUNTO PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA ANTERIOR DE 22 XULLO DE 2013.**

O Sr. Alcalde-Presidente solicita dos concelleiros que manifesten se teñen algunha alegación que facer á acta da sesión ordinaria do día 22 de xullo de 2013.

Ante a ausencia de alegacións ó acta da sesión ordinaria de 22 de xullo de 2013, o Pleno da Corporación, cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal do PP ( menos a do concellal Dona María Aurora Vila Agra por non ter asistido á mesma ), e do grupo municipal do PSdeG - PSOE, acordou aprobar, por unanimidade dos membros presentes, a acta da sesión ordinaria de 22 de xullo de 2013.

**PUNTO SEGUNDO.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA DE ACORDO CÓ DISPOSTO NO ARTIGO 42 DO R.O.F.**

Todos os concelleiros quedan enterados do contido dos decretos da Alcaldía dende o número 274 ata o número 361, ambos incluídos.

**PUNTO TERCEIRO.- CALENDARIO LABORAL PARA O ANO 2014. FIXACIÓN DE DOUS DÍAS FESTIVOS DE CARÁCTER LOCAL-**

Sométese a debate e votación do Pleno a proposta da alcaldía que a continuación se transcribe:

*" Ante a comunicación recibida polo Concello de Palas de Rei da Consellería de Traballo e Benestar con fin de determinar os días festivos de carácter local para o ano 2014 e comunicarllo ós efectos oportunos;*

*Ante o acordo ó que chegaron os portavoces dos grupos políticos da Corporación na reunión mantida o día 19 de setembro de que os días festivos de carácter local sexan o día 28 de xaneiro e o 4 de marzo ( martes de entroido )*

*Vistos os antecedentes descritos, o Sr. Alcalde propón ó Pleno o seguinte acordo:*

*Primeiro.- Aprobar que os dous días festivos de carácter local para o ano 2014, sexan o 28 de xaneiro e o 4 de marzo.*

*Segundo.- Comunicar a Consellería de Traballo e Benestar o contido do devandito acordo plenario."*



CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
concellopalas@yahoo.es  
www.palasderei.com

Abre o debate o sr. Alcalde concedéndolle a palabra ó voceiro do grupo municipal do PSdeG - PSOE, quen mostra a súa conformidade co feito de que os dous días festivos de carácter local sexan o 28 de xaneiro e o 4 de marzo, que é martes de entroido. Adianta que o voto do seu grupo político vai ser favorable.

Non hai mais intervencións.

O Pleno da Corporación, cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal do PP e os do PSdeG - PSOE, acordou, por unanimidade dos seus membros presentes,:

Primeiro.- Aprobar que os dous días festivos de carácter local para o ano 2014, sexan o 28 de xaneiro e o 4 de marzo.

Segundo.- Comunicar a Consellería de Traballo e Benestar o contido do devandito acordo plenario.

#### **PUNTO CUARTO.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DO 2º TRIMESTRE DE 2013.**

O Sr. Alcalde- Presidente abre este punto do orde do día outorgando o turno de palabra o Sr. Secretario do Concello para que proceda a dar conta do informe de estabilidade orzamentaria do 2º trimestre do presente ano.

O Sr. Secretario dispense a leer de maneira literal o contido do informe:


#### ***“COMUNICACIÓN DEL INFORME DE EVALUACIÓN SOBRE EL CUMPLIMIENTO DE OBJETIVOS DE LA LEY ORGÁNICA 2/2012.***

*En cumplimiento con lo establecido por la Ley Orgánica 2/2012, se da a conocer al Pleno el siguiente informe de evaluación sobre el cumplimiento del objetivo de Estabilidad Presupuestaria y de la regla de gasto del 2º trimestre del presente año que literalmente afirma lo siguiente:*

*“ Comunico los datos correspondientes al Informe de Evaluación de cumplimiento de objetivos que contempla la Ley Orgánica 2/2012 y que suponen que el Presupuesto de las Entidades que forman parte del Sector Administraciones Públicas de esta Corporación:*

***No cumple el objetivo de Estabilidad Presupuestaria.***

***No cumple el objetivo de Regla de Gasto.***





CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
concellopalas@yahoo.es  
www.palasderei.com

## **OBSERVACIONES DE LA INTERVENCIÓN A LA INFORMACIÓN QUE SE COMUNICA.**

*El incumplimiento del objetivo de estabilidad presupuestaria a 30 de junio de 2013 se trata de un resultado transitorio debido a un diferente grado de ejecución temporal entre los ingresos y gastos, lo cual ha obligado al Ayuntamiento de Palas de Rei a suscribir una operación de tesorería por importe de 184.000,00 euros durante el pasado mes de agosto. Todo esto se pone de manifiesto, con las oportunas reservas, en las estimaciones realizadas en la presente comunicación de datos sobre la liquidación del presupuesto del presente año, en donde, por parte de la Intervención, se entiende que se puede llegar a cumplir el objetivo de estabilidad presupuestaria a final del presente ejercicio, siempre y cuando exista una gestión sensata y prudente en el ámbito de los gastos durante el segundo semestre del año.*

*El incumplimiento del objetivo de la regla de gasto basado en las estimaciones realizadas sobre la liquidación del presupuesto del presente año parten de dos premisas que están marcadas por el principio de prudencia en cuanto a su contabilización. En primer lugar, el cómputo de las subvenciones que se prevén recibir en lo que resta de año se realizó atendiendo a cálculos conservadores y, en segundo lugar, la estimación del gasto efectivamente ejecutado del capítulo 6 ( inversiones ) se realizó teniendo en cuenta el presupuesto inicial y no el grado de ejecución que tienen las mismas a fecha de hoy ya que muchas de las inversiones que estaban previstas en el presupuesto no comenzaron a fecha de hoy y en algunos casos no se comenzó a tramitar el expediente. De todo ello se deduce que la idea de que no se ejecuten en su totalidad es bastante probable. Ante estas circunstancias, el que suscribe afirma que, a día de hoy, el posible cumplimiento o incumplimiento del objetivo de la regla de gasto en la liquidación del presupuesto del presente año tiene un alto grado de incertidumbre ya que depende de la definitiva resolución de estas dos cuestiones."*

O Sr. Alcalde-Presidente outorga o turno de palabra o Sr. Portavoz do Grupo Socialista, Sr. Rouco Ferro.

O Sr. Rouco Ferro, en primeiro lugar, da a benvinda ó Concello de Palas de Rei o Sr. Secretario. Seguidamente afirma que o informe do Sr. Secretario é correcto e prudente xa que os datos dos que informa xa os encontra feitos. Solicita que a seguinte vez se informe sobre cal é o desfase entre ingresos e gastos na execución do orzamento. Puntualiza que, como se reflexa no informe, non se cumpre nin a estabilidade orzamentaria nin a regra de gasto e pregúntase cáles serán os motivos destes incumprimentos.

Con permiso do Sr. Alcalde intervén o portavoz do Grupo Popular, Sr. Pensado Barbeira, quen afirma que a estabilidade orzamentaria mídese a 31 de decembro e que polo tanto non se pode interpretar como un incumprimento. Ademais puntualiza que ó día de hoxe existe un desfase temporal entre ingresos e gastos como consecuencia da falta de ingreso de determinadas subvencións. Asimesmo reafirma que hai que esperar a 31 de



CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
concellopalas@yahoo.es  
www.palasderei.com

decembro para facer unha análise rigorosa das contas e pronostica que ó fin do ano térase pouco que criticar porque cumprírase coa estabilidade orzamentaria.

O Sr. Rouco Ferro replícalle que oxalá se cumpran eses pronósticos feitos polo portavoz do Grupo Popular pero que iso no lo terá que confirmar nos próximos informes o Sr. Secretario.

Finalmente, o Sr. Alcalde intervén para afirmar que os primeiros interesados en cumprir coa estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto é o equipo de goberno, pero que existen determinados organismos como a Deputación de Lugo que nolo están a poñer moi difícil xa que están a pagar a ano vencido e iso implica que ó día de hoxe temos dereitos pendentes de cobro por importe de máis de 400.000,00 euros

Rematadas as intervencións, a Corporación dáse por enterado do contido do informe de estabilidade orzamentaria do 2º trimestre do presente ano.

Antes de pasar o turno de rogos e preguntas, en virtude do artigo 91.4 o Sr. Alcalde pregunta ós portavoces dos grupos políticos se teñen algunha moción para presentar ou algún asunto de urxencia que non estivera na orde do día. Ningún portavoz toma a palabra ante o cal o Sr. Alcalde presenta o seguinte asunto de urxencia:

**--APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 22/2013 QUE CONSISTE NUNHA TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS ENTRE APLICACIÓNS DE DISTINTA ÁREA DE GASTO.**

O Sr. Alcalde pasa, a continuación, a xustificar a urxencia da aprobación deste punto en base a que con data 24 de setembro de 2013, se recibiu neste Concello Resolución da Secretaría Xeral de Cultura polo que se concede a este Concello unha subvención para o acondicionamento do Salón de Actos da Casa de Cultura de Palas de Rei, por importe de 20.784,80 euros sobre unha contía total a xustificar de 43.301,67 euro, e non estando prevista dita subvención no orzamento xeral do Concello para o ano 2013, faise preciso realizar unha transferencia de crédito para poder executar as obras subvencionadas, sendo competencia do Pleno da Corporación a aprobación do expediente correspondente previo informe da Comisión de Contas. Por este motivo e dado o escaso tempo de que se dispón para a execución das obras e a longa tramitación tanto do expediente de transferencia crédito como do expediente de contratación das obras, o carácter urxente de dito asunto.



CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
concellopalas@yahoo.es  
www.palasdere.com

Vistos os motivos xustificativos expostos polo Sr. Alcalde, o Pleno, por unanimidade dos membros presentes do Grupo Popular e do Grupo Socialista, declaran a urxencia do asunto a tratar.

Sométese á aprobación do Pleno a seguinte proposta:

*"Considerando o disposto nos artigos 179 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e nos artigos 40 e seguintes do Real decreto 500/90, de 20 de Abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei de facendas.*

*Sométese á aprobación do Pleno os seguintes acordos:*

*1º.- Informar favorablemente a o expediente de transferencia de créditos 22/2013 que afecta a aplicacións orzamentarias de distintas áreas de gasto.*

*2º.- Que sexa exposta ó público polo prazo de quince días dende a súa publicación no BOP de Lugo, durante os cales os interesados poderán presentar reclamacións, reparos e observacións que estimen oportunas. Examinados estes pola Comisión Especial de Contas, e practicadas cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe. Acompañada polos informes da Comisión e das reclamacións e reparos formulados, someterase ó Pleno da Corporación para que no seu caso poida ser aprobada de maneira definitiva. Entenderase definitivamente aprobada a transferencia de créditos se durante o prazo de 15 días non se presenta ningunha reclamación ou observación."*

O Sr. Alcalde pide rigor e criterio á hora de analizar a transferencia de crédito xa que a súa aprobación vai servir para recibir unha subvención de 20.784,80 euros e vai posibilitar o acondicionamento dun edificio municipal tan importante como é a casa da cultura. Outorga o turno de palabra o Sr. Portavoz do Grupo Socialista.

O Sr. Rouco Ferro adianta que o seu Grupo vaise abster na votación ó considerar que o seu grupo político non sabe nada do proxecto que se vai a acometer na Casa da Cultura e que hai que xustificar a finalidade das subvencións que se reciben.

Con permiso do Sr. Alcalde intervén o portavoz do Grupo Popular, Sr. Pensado Barbeira, quen afirma que a abstención do Grupo Socialista, ademais dunha tolemia, é coma non ter opinión algunha sobre o tema que se está a tratar. Considera que recibir



CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
cancellopalas@yahoo.es  
www.palasderei.com

20.000,00 euros nestes tempos para a Casa da Cultura é moi positivo sobre todo se temos en conta que a Deputación de Lugo, en todo o ano 2013 dou ó Concello de Palas de Rei 17.000,00 euros no POS, 11.000,00 euros en cultura e 12.000,00 euros para outros gastos, pero sen embargo recibimos 20.000,00 euros e o grupo socialista non vai votar a favor. Este tipo de actitudes vainas ter que explicar á xente . Ademais, aproveita a ocasión para reiterar que ó seu grupo político non lle preocupa de onde veñen os cartos senón que, o que lle preocupa é que veñan e por iso aproveita a ocasión para felicitar ó Sr. Alcalde por conquistar para Palas de Rei unha Residencia da 3º idade con 64 plazas e por asinar recentemente o convenio de financiamento para a súa equipación. Por último reclama unha nova forma de facer política e unha maior cooperación ó grupo socialista, cooperación que sí existe noutros concellos.

O Sr. Rouco Ferro, co permiso do Sr. Alcalde, toma a palabra e afirma que toda subvención que reciba Palas de Rei será benvinda polo grupo socialista pero que neste caso vanse meter máis de 7 millóns de pesetas na Casa de Cultura, dos cales 23.000,00 euros saen de fondos propios do Concello e aínda non sabemos nada do que se vai facer alí con eses cartos xa que ninguén nos explicou nada dese proxecto. Asimesmo considera que o Concello está nunha situación complicada polo que se refire á súa tesourería como para poñer 23.000,00 euros de fondos propios, xa que acudiu recentemente a unha operación de tesourería e espera que esa operación non se convirta, como ocorreu outras veces con este tipo de operacións, nunha nova operación de crédito a longo prazo.

O Sr. Alcalde, tralo turno de palabra do portavoz do grupo socialista, afirma que o que non pode facer o portavoz do grupo socialista é mentir de maneira descarada na prensa sobre a débeda do Concello de Palas de Rei. Ademais engade que as operacións de tesourería non son operacións de crédito e que a débeda do Concello é a que se reflexa nas contas do Concello. Asimesmo reta ó portavoz do grupo socialista a que nomee un concello de Galicia que teña parecido número de habitantes a Palas de Rei e que faga durante este ano máis inversión pública ou privada que o noso concello. Por último reitera que o que non se pode facer é poñer en dúbida as contas do concello e tratar de sacar réditos electorais das disputas.

O Sr. Rouco Ferro, co permiso do Sr. Alcalde, toma a palabra para afirmar que está abraiado de que o Sr. Alcalde fale de sacar réditos electorais dos enfrontamentos e das disputas porque se de algo pode presumir o grupo socialista é precisamente de todo o contrario. Ademais, afirma que él non se inventa nada sobre a débeda do concello senón que se limita a recoller os datos que figuran na liquidación dos orzamentos.



CONCELLO DE PALÁS DE REI  
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palás de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
concellopalas@yahoo.es  
www.palasdere.com

O Sr. Alcalde conclúe este asunto, antes de pasar á súa votación, afirmando que as portas do concello están abertas para todo o mundo e que a débeda que temos é, en parte, polo deficiente sistema de recadación que ten a Deputación de Lugo e que fai que teñamos pendente de cobro cantidades moi importantes. Por último dálle a oportunidade o grupo socialista de trocar o sentido do seu voto xa que non hai que ser sectarios e invita o portavoz do grupo socialista a revisar o proxecto e a que aporte novas ideas, se é que as ten.

Rematado o debate, procédese á votación.

O Pleno da Corporación, cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal do PP e a abstención dos concelleiros do PSdeG - PSOE, acordou:

**PRIMEIRO.-** Informar favorablemente a o expediente de transferencia de créditos 22/2013 que afecta a aplicacións orzamentarias de distintas áreas de gasto.

**SEGUNDO.-** Que sexa exposta ó público polo prazo de quince días dende a súa publicación no BOP de Lugo, durante os cales os interesados poderán presentar reclamacións, reparos e observacións que estimen oportunas. Examinados estes pola Comisión Especial de Contas, e practicadas cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe. Acompañada polos informes da Comisión e das reclamacións e reparos formulados, someterase ó Pleno da Corporación para que no seu caso poida ser aprobada de maneira definitiva. Entenderase definitivamente aprobada a transferencia de créditos se durante o prazo de 15 días non se presenta ningunha reclamación ou observación."

Neste momento, cando son as 14.55 horas abandona o Salón de Plenos o concellal do grupo socialista D. José Sabino Prieto Vázquez.

#### **PUNTO QUINTO.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

O Sr. Alcalde sinala que no pleno ordinario do 22 de xullo de 2013, no turno rogos e preguntas, dou resposta a un total de 26 preguntas formuladas polo portavoz do Grupo Municipal Socialista Sr. Rouco Ferro en plenos anteriores, e nese mesmo pleno ordinario o mesmo portavoz formulou un total de 35 preguntas que vai intentar dar resposta a todas elas pero agrupadas por temario e da seguinte maneira:







1.-¿Por qué non se nos fixo entrega ó grupo municipal socialista do informe de Secretaria- intervención referido o seguimento do plan de axuste?

O Sr. Alcalde responde que porque non o solicitou por escrito.

O Sr. Alcalde afirma que o portavoz do grupo socialista formulou unha serie de preguntas relacionadas coas pólizas de seguros que din:

Con relación do Decreto 255/2013, formúlense as seguintes preguntas:

2.-¿ Para que sé contratou a póliza de seguros a Allianz nº 019419429, por importe de 1.154,73 €.

3.-¿Para contratar esta póliza, tal e como marca a lei invitáronse a outras tres compañías?.

Con relación o Decreto 224/2013, formúlense as seguintes preguntas:

5.- ¿Que cubre a póliza de seguros Mafre nº 0556080121865 por importe de 107,69€?

6.- ¿Para contratar esta póliza, tal e como marca a lei invitáronse a outras tres compañías?.

7.- ¿Que cubre a póliza de seguros Mafre nº 4839800075 por importe de 926,79€?

8.- ¿Para contratar esta póliza, tal e como marca a lei invitáronse a outras tres compañías?.

15.- ¿Que cubre a póliza de seguros Mafre nº 961070045280 por importe de 791,14€?

20.- ¿ Qué cubre a póliza nº 304060415036 de Reale Seguros Generales S.A. por importe de 758,85 €

21.- ¿Para contratar esta póliza, tal e como marca a lei invitáronse a outras tres compañías?.

24.- ¿ Qué cubre a póliza nº 601/163841 de Mafre Familiar por importe de 182,51€

25.- ¿Para contratar esta póliza, tal e como marca a lei invitáronse a outras tres compañías?.

26.- ¿ Qué cubre a póliza nº 0961070043292 de Mafre Familiar por importe de 494,08€

27.- ¿Para contratar esta póliza, tal e como marca a lei invitáronse a outras tres compañías?.

30.- ¿ Qué cubre a póliza nº 0004839800071 de Mafre Familiar por importe de 926,79€

31.- ¿Para contratar esta póliza, tal e como marca a lei invitáronse a outras tres compañías?.



O Sr. Alcalde resposta que todas estas pólizas de seguros as que se refire nas preguntas anteriores ten dereito a obter unha copia de cada unha delas o portavoz do grupo socialista se a solicita. Nas súas páxinas, que o Sr. Alcalde está seguro que leerá o Sr. Portavoz do grupo socialista, ten a resposta as preguntas formuladas e a moitas máis que quizais non se atreve a facer.

Para contratar esta póliza, tal e como marca a lei invitáronse a outras tres compañías ?.

O Sr. Alcalde resposta que o portavoz do grupo socialista erra na súa argumentación dado que conforme ó artigo 20 do texto refundido da Lei de contratos, os contratos de servizos de seguros teñen a consideración de contratos privados, e os contratos privados réxense, na súa adxudicación, en defecto de normas específicas, polo texto refundido da Lei de contratos e o artigo 111 do Real Decreto 3/2011 especifica que a tramitación dos expedientes de contratos menores, como é o caso, esixirá a aprobación do gasto e a incorporación a el da factura.

De todos os xeitos, esta Alcaldía sempre elixe a mellor póliza, iso non quere dicir que sexa a máis barata, senón a que ofrece as mellores coberturas a menor prezo.

O seguinte grupo de preguntas está relacionado con facturas aprobadas por Resolucións da Alcaldía e din:

Con relación o Decreto 333/2013, formúlanse as seguintes preguntas:

4.- ¿ A que se refire a factura A 186 de Melimática?

9.- ¿ A que se refire a factura 99,128 de Melimática, por importe de 666,64 €?

10.- ¿ A que se refire a factura 2022 de San Martín Forestal S.L., por importe de 4.591,27 €?

16.- Con relación o Decreto 189/2013, formúlanse as seguintes preguntas:

17.- ¿ A que se refire a factura M/01 de Agrijardín, por importe de 3.751,00€?

18.- ¿ A que se refire a factura 30,31 de Norbel, por importe de 3.813,55€?

Con relación o Decreto 180/2013, formúlanse as seguintes preguntas:

19.- ¿ A que se refire a factura 1/2013 de Desguaces Porrall por importe de 90.75€?

22.- ¿ A que se refire a factura 11,14 de Fevisa por importe de 15.027,12 €?

Con relación o Decreto 172/2013, formúlanse as seguintes preguntas:

23.- ¿ A que se refire a factura 926 de Sumiagua por importe de 652,72 €?

Con relación o Decreto 159/2013, formúlanse as seguintes preguntas:

14.- ¿ A que se refire a factura nº 164148 de Manuel Rei, por importe de 1.743,19€?



CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
concellopalas@yahoo.es  
www.palasderei.com

O Sr. Alcalde resposta que todas estas facturas ás que se refire neste grupo de preguntas, o portavoz do grupo socialista ten dereito a obter copia delas, previa solicitude. Nelas disporá da información necesaria para saber a que se refiren.

Finalmente o Sr. Alcalde quere responder as preguntas números 11, 12 e 13 que din: Con relación o Decreto 159/2013, formúlanse as seguintes preguntas:

11.- ¿ A que se refire a factura 444 de Edén del paladar, por importe de 283,64 €?

O Sr. Alcalde resposta que o portavoz do grupo socialista parece ser que xa coñece a resposta porque na pregunta 12 di que con quen comeu. Por tanto según o portavoz do grupo socialista tratase de unha factura por comidas. Se antes de facer as preguntas solicitara unha copia da factura 444 do Edén do Paladar por importe de 283,64 € que, como lle acabo de dicir ten dereito a ela, non faría o ridículo ó formular pregunta nº 12 ¿con quen comeu? e moito menos a número 13 Qué cousas se foron arreglar para o Concello, porque a factura 444 do Eden do Paladar por importe de 283,64 € refírese o suministro de 27 kilos de caramelos cilíndricos envoltos coa lenda Concello de Palas de Rei, a unha tinta.

Loxicamente o Sr. Alcalde afirma que él non lle vai dicir á oposición cómo facer o control da xestión dos órganos de goberno municipal, no turno de rogos e preguntas das sesións ordinarias, pero si él fose portavoz do grupo da oposición, e de querer facer ese control, a súa pregunta sería a seguinte: ¿ A qué se destinaron os 27 kilos de caramelos adquiridos a Eden del Paladar, por importe de 283,64 €, según consta na factura 444 aprobada por Decreto 159/2013?

E o Sr. Alcalde debería responder: A cabalgata de reis.


Despois de responder ás preguntas, o Sr. Alcalde outorga o turno de palabra o Sr. Rouco Ferro.

O Sr. Rouco Ferro recórdalle o Sr. Alcalde que ten a obriga legal de contestar unha por unha ás preguntas que se lle formulan e que a oposición pode formular cantas preguntas considere oportunas co fin de desempeñar de maneira eficaz a función de control que ten encomendada pola lei. Seguidamente afirma que xa lle fará no seu debido momento preguntas sobre as comidas que fai con cargo os fondos do Concello. Por último, sinala que neste Pleno só vai facer unha pregunta que é a 4º vez que formula e que todavía non respostou. A pregunta é a seguinte:





CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)



Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
cancellopalas@yahoo.es  
www.palasderei.com

1.-. En relación coas notas de reparo cós números 3,5,6,8,10,15,21,22,23,24,26,28,30,32,37,39,40,42,43,44,47,49,51,52,58,60,61,62,63 e 64 do ano 2011. Algún dos citados reparos que levantou o Sr. Alcalde a través dun decreto eran competencia do Pleno?

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Sr. Presidente da por remado o acto, e levanta a sesión as quince horas e dez minutos, de todo o que eu, como Secretario, dou fé

O ALCALDE  


O SECRETARIO  
